

LIQUIDACIÓN DE ORZAMENTO 2008 DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A execución do orzamento de 2008 deixou un aforro neto orzamentario de 4.780.507 euros e un remanente positivo de tesourería de case 700.000 euros

Despois de varios anos de remanente negativo e tras o peche do Plan de Saneamento 2004/2007, a execución do orzamento do Concello en 2008 deixou un remanente positivo de tesourería de 693.777 euros para gastos xerais.

A execución do orzamento do 2008 rematou cun aforro en gasto corrente de 9,19 millóns de euros. Este aforro compensa o estado de execución negativo dos ingresos correntes en (-3,84 millóns), a baixa dos créditos de proxectos de gasto por 0,22 millóns e o remanente negativo de tesourería do ano 2008 por -0,330 millóns, o que fai un aforro neto de 4.780.507 euros

O remanente de tesourería 2008 é positivo, supón un incremento respecto ao do ano 2007 de 1 millón procedente dos 4,78 millóns positivos do resultado orzamentario, pero minorado polo axuste dos 1,90 millóns de dubidoso cobro e dos 1,87 millóns de desviación acumulada negativa dos gastos aprobados e financiados coa operación de endebedamento 2008 non disposta. Este millón de euros de remanente queda nun remanente neto de tesourería de 693.777,31 euros por compensación do saldo negativo do ano 2007

Ingresos e gastos

O grado de execución do capítulo de ingresos –a diferenza entre as previsións e os dereitos finalmente recoñecidos- foi en total dun 59,74%. Así, mentres a execución nas operacións correntes alcanzou o 85,95%, nas operacións de capital quedou no 8,09%. Esta baixa execución está motivada pola difícil situación económica do sector inmobiliario que imposibilitou a enaxenación de terreos prevista no capítulo 6, así como a imposible disposición do préstamo previsto no orzamento.

En canto aos gastos, o grao de execución global chegou ao 62,67%. Nas operacións correntes a execución alcanzou o 88,71%. Neste capítulo destaca o aforro de máis de 5 millóns de euros producido no capítulo de gastos en bens correntes e servizos. A execución dos gastos de capital chegou ao 31,09% (inversións reais, transferencias e activos e pasivos financeiros) debido a non ter ingresos por vendas de parcelas e a non ter aplicado o préstamo previsto, o cal imposibilitou a execución dos proxectos previstos no cadro de inversións do ano 2008.